



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

//www.concellodezas.org//

ANUNCIO

APROBACION DE BASES DE CONVOCATORIA DUN PEON DENTRO DO PROGRAMA APROL RURAL 2023

Mediante Resolución núm. 174/2023, aprobouse o que a continuación se transcribe literalmente:

“Primeiro: Aprobar as bases reguladoras da convocatoria de selección para a contratación dun peón dentro da Subvención para o fomento de emprego no medio rural (APROL RURAL 2023).

Segundo: Que se publique as bases da convocatoria no taboleiro da sede electrónica do Concello de Zas.

Terceiro: Dar conta da presente resolución ó Pleno da Corporación na primeira Sesión Ordinaria que éste celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

“BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA A PROVISIÓN, EN REXIME LABORAL TEMPORAL DUN POSTO DE PEÓN DENTRO DO PROGRAMA DE FOMENTO DE EMPREGO APROL RURAL 2023

PRIMEIRA.-OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto desta convocatoria a provisión, mediante o sistema de oposición, en réxime de dereito laboral temporal dun posto de peón de obras do Concello de Zas, durante un período de 9 meses a xornada completa, grupo de cotización 10, tendo en conta os requisitos e criterios establecidos no artigo 14 da Orde de xaneiro de 2023 da Consellería de Emprego e Igualdade que establece as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2023 (DOG núm.22, do 01/02/2023).

SEGUNDA.- DURACIÓN, TIPO DE CONTRATO E FUNCIÓNS DO POSTO

O contrato laboral que se realizará coa persoa seleccionada será temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (código 405) e a xornada completa e por un período de 9 meses, coa distribución de xornadas que estableza a Alcaldía ou a Concellería Delegada correspondente.

Son funcións do posto as seguintes: limpeza viaria e mantemento de núcleos de poboación, limpeza de papeleiras, limpeza de maleza existente, barrido de rúas en núcleos urbanos, corte de céspede, traballos básicos de xardinería en xeral, limpeza de contedores de recollida de lixo, limpeza de sumidoiros, limpeza dos marxes das vías públicas e acceso ao núcleos de poboación, limpeza de áreas recreativas, e outras das mesmas características do posto de traballo que sexan encomendadas pola Alcaldía ou Concellería delegada correspondente.

TERCEIRA.-REQUISITOS DOS ASPIRANTES

a) Ter a nacionalidade española ou ser nacional dun Estado membro da Unión europea ou doutros Estados, nos termos previstos no artigo 57 do TREBEP.

b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non ter alcanzado a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. Deberá acreditarse mediante certificado médico que se presentará ó remate do proceso selectivo.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se atopar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

//www.concellodezas.org//

d) Ser persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.

e) Non ter sido contratado por un período igual ou superior a nove (9) meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2022 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.

f) Figurar como persoa candidata na listaxe remitida pola Oficina de Emprego como resposta á oferta de emprego presentada polo Concello de Zas para esta selección.

CUARTA.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES,

O artigo 14 da Orde de 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano (código de procedemento TR351G). DOG n.º 22, de data 1/2/2023) regula os requisitos e criterios para a selección das persoas traballadoras.

O Concello de Zas presentará unha Oferta de Emprego ante a Oficina de Emprego de Carballo, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir as persoas traballadoras que se contratarán. Desde alí realizarase unha sondaxe de demandantes tendo en conta os requirimentos da Orde e remiten unha listaxe ao concello. A oficina de emprego de Carballo é a responsable de convocar ás persoas candidatas para participar no proceso de selección que se recolle nestas bases.

Non se requirirá a presentación de instancias, xa que os candidatos deberán figurar na lista remitida polo Servizo Público de Emprego, en contestación á correspondente oferta.

Aqueles persoas que queiran acreditar o seu coñecemento do galego, poderán presentar a través do Rexistro de entrada unha fotocopia do certificado Celga 2 ou titulación equivalente hasta un día antes da realización do exame de oposición. En caso contrario deberán realizar unha proba de coñecemento do galego.

QUINTA.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Unha vez que desde o Servizo Público de Emprego se envíe ao Concello a listaxe de candidatos, a Alcaldía ou Concellería Delegada ditará a Resolución pola que se declara aprobada a listaxe de persoas admitidas e excluídas. Será publicado un anuncio relativo ao contido da dita Resolución no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal, e convocando as persoas que figuren nesa Resolución para a realización do exame de oposición.

SEXTA.-COMISIÓN AVALIADORA

Estará constituído polas persoas seguintes, todas con voto, agás o secretario que dará fe do/s acto/s:

Presidente:

Titular: D. Fidel Otero Pazos, persoal laboral fixo do Concello de Zas

Suplente: Andrés Modesto Alonso Rodríguez, funcionario do Concello de Zas

Secretario/a:

Titular: D^a Isabel Agra Pose, persoal laboral fixo do Concello de Zas

Suplente: D. Yolanda Vecino Tomé, persoal laboal fixo do Concello de Zas

Vogais:

Vogal 1: D^a Angélica Pose Lema, funcionaria do Concello de Zas



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

//www.concellodezas.org//

Suplente vogal 1: D. Jose Manuel Gonzalez Castiñeira, administrativa do Concello de Zas.

Vogal 2: Dna. Susana Otero Pazos, funcionaria do Concello de Zas

Suplente vogal 2: Dna. Beatriz Rodriguez Montes, persoal laboral fixo do Concello de Zas

Vogal 3: Dona Carmen Espasandín Lema, persoal laboral fixo do Concello de Zas

Suplente Vogal 3: D. Constantino López Baña, funcionario do Concello de Zas

A constitución da comisión avaliadora deberá respectar o establecido no artigo 60 do TREBEP.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público.

Para a válida constitución do Tribunal, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos requirirase a presenza do/a presidente/a e do/a secretario/a ou de quen lles substitúan, e da metade, ao menos, dos seus membros. As decisións se adoptarán por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a presidente/a del Tribunal.

O Tribunal de Selección resolverá todas as cuestións derivadas da aplicación das Bases durante o desenvolvemento do proceso selectivo, encontrándose vinculado polo disposto nas Bases.

SÉTIMA.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será de oposición.

1ª exercicio: Consistirá na realización nun tempo máximo fixado polo tribunal, dunha proba práctica, relacionada coas tarefas do posto de peón obxecto da convocatoria, de acordo co nivel e categoría do posto ou ben directamente relacionado cos cometidos a cumprir, que determinará o Tribunal inmediatamente antes de celebrar o exercicio.

O temario sobre o que versará a proba de oposición será o seguinte:

- 1- O municipio de Zas: xeografía, cultura e historia.
- 2- Os municipios: Competencias e órganos de goberno
- 3- Conceptos básicos de prevención de riscos laborais
- 4- Coñecementos básicos de mecánica e manexo de maquinaria municipal

Os aspirantes serán convocados provistos do seu DNI, en chamamento único e por orde alfabética do primeiro apelido. A non presentación a esta proba no momento de seren chamados comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar, e quedará excluído do proceso selectivo.

Neste exercicio valorarase de xeito especial a pericia propia do oficio ou labor, e a celeridade na súa execución (tempo de execución).

Este exercicio será cualificado **cunha puntuación de 0 a 10 puntos**, e será preciso acadar un mínimo de 5 puntos para superalo. Serán eliminados aqueles aspirantes que non obteñan a puntuación mínima.

2º exercicio: Aqueles aspirantes que non presenten certificado que acredite o coñecemento do idioma galego mediante a presentación do correspondente certificado ou título (Celga 2 ou título de galego equivalente), terán que realizar unha proba de galego que consistirá nun exercicio oral tipo test de 5 preguntas con 2 respostas alternativas, que versará sobre as funcións propias do posto. Este exercicio poderase realizar no mesmo día de realización da proba oral e práctica, e puntuarase como apto ou non apto. As persoas que acaden a puntuación de non apto, serán excluídos.

OITAVA.-CUALIFICACIÓN E PUNTUACIÓN FINAL

A puntuación máxima da fase de oposición acadará un máximo de 10 puntos.

Para o caso de empate na puntuación final realizarase un sorteo.

No caso de non ter acreditado o coñecemento da lingua galega mediante celga 2 ou equivalente, o interesado deberá superar unha proba de coñecemento do idioma galego. Esta proba será oral e realizarase



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

//www.concellodezas.org//

inmediatamente despois da realización da proba practica. Esta proba cualificarase como apto ou non apto. Os non aptos serán excluídos do proceso selectivo.

NOVENA.- RESULTADO DA SELECCIÓN.

A Comisión avaliadora non poderá propoñer para o posto de traballo un número superior de aspirantes ao de postos convocados, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados establecerase unha lista de substitución para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse, so válida para a presente convocatoria. Neste caso, para realizar os chamamentos efectuarase polos servizos administrativos municipais unha chamada telefónica a primeira hora do día. Se non se atopa ao interesado/a no momento do chamamento, efectuarase unha nova chamada no mesmo día en horario diferente ao chamamento realizado anteriormente. De non atoparse novamente ao interesado/a, procederase ao chamamento da seguinte persoa do listado de substitución, e así sucesivamente. As persoas que figuren neste lista de substitución teñen a obriga de manter actualizado o seu número de teléfono.

O tribunal publicará no taboleiro da sede electrónica municipal <https://sede.concellodezas.org/opencms/es/informacion/> a relación de puntuacións outorgadas e elevará a Alcaldía ou Concellería Delegada proposta da persoa candidata para a formalización do correspondente contrato laboral.

DÉCIMA.- Presentación de documentación e formalización de contrato.

Unha vez publicado o resultado da selección a persoa seleccionada disporá dun día para xustificar que reúne os requisitos esixidos na convocatoria presentando a seguinte documentación:

1. Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.

No momento de formalización do contrato o interesado aportará:

1. Fotocopia da cartilla da S.S.
2. Certificado de nº de conta bancaria (IBAN)

En Zas, asinado dixitalmente. O concelleiro delegado Oscar Lema Romero”

O CONCELEIRO DELEGADO

Óscar Lema Romero

Decreto substitución 327/2022, de 23/09/2022